



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Proxecto básico e de execución de reforma do Campo de fútbol de Conxo - Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 303.305,79 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 27 de abril de 2015, ás 9:00 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D^a María José Corral López

Vocais: D^a. María Angeles Antón representante do grupo PP.
D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Juan Garabato Rodríguez, Técnico de deportes
D^a Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten: D. Pablo Dosantos, en representación da empresa COPCISA e Dna. Rebeca Platero en representación da Federación Gallega de la Construcción.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	18/04/2015	17.314	CONSTRUCCIONES OÑIAL, SL
2	18/04/2015	17.315	ATLANTICA DE CONSTRUCCION Y MEDIO AMBIENTE SL
3	18/04/2015	17.317	F. GOMEZ Y CIA, SL
4	18/04/2015	17.316	AUGASMESTAS INVERSIONS DO RURAL SL
5	18/04/2015	17.319	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL
6	18/04/2015	17.318	CYS HISPANIA
7	20/04/2015	17.345	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA (*)
8	20/04/2015	17.359	CONSTRUCCIONES OREGA SL(*)
9	20/04/2015	17.363	ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES SA(*)
10	20/04/2015	17.367	CALFENSA PROYECTOS, S.L. (*)
11	20/04/2015	17.379	LIMONTA SPORT IBERICA SL(#)
12	20/04/2015	17.406	OPSA - OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. (*)
13	21/04/2015	17.589	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU(*)
14	21/04/2015	17.592	COPCISA SA(*)
15	21/04/2015	17.630	EXCAVACIONES MIDON(*)
16	21/04/2015	17.654	MECANO SPORT, S.L. (*)
17	22/04/2015	17.868	GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS SL(*)

*Proposición recibida por correo

Proposición presentada fora de prazo

Iniciada a reunión, dase conta do certificado de presentación de ofertas emitido polo rexistro municipal, que acredita que a oferta da empresa LIMONTA SPORT IBERICA SL, presentouse fora do prazo establecido, polo que a mesa acorda excluíla da licitación.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento	Expediente	
CONZI0HD	CON/12/2015	



Seguidamente, procédese á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

Finalmente, e tras dar entrada ós representantes das empresas, lévase a cabo á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)
1	CONSTRUCCIONES OÑIAL, SL	288.140,50
2	ATLANTICA DE CONSTRUCCION Y MEDIO AMBIENTE SL	266.605,79
3	F. GOMEZ Y CIA, SL	256.596,70
4	AUGASMESTAS INVERSIONS DO RURAL SL	255.413,80
5	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	271.421,49
6	CYS HISPANIA	232.910,57
7	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA (*)	222.171,49
8	CONSTRUCCIONES OREGA SL(*)	275.613,97
9	ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES SA(*)	293.102,62
10	CALFENSA PROYECTOS, S.L.(*)	276.008,26
12	OPSA - OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A.(*)	291.992,48
13	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU(*)	254.443,23
14	COPCISA SA(*)	281.680,09
16	MECANO SPORT, S.L.(*)	254.473,56
17	GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS SL(*)	246.000,00

Do exame da documentación aportada resultan as seguintes incidencias:

- Á empresa ATLANTICA DE CONSTRUCCION Y MEDIO AMBIENTE SL só presenta un CD, deficiencia formal que se considera subsanable de acordo con recente resolución do tribunal administrativo central de recursos contractuais para un caso análogo, polo que se lle concede un prazo de TRES DÍAS para que aporte outro CD requerido polo prego.


- A empresa EXCAVACIONES MIDON non presenta a mostra do céspede requerida polo prego de aplicación con carácter inexcusable, polo que se acuerda a súa exclusión da licitación.

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás 9:35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA





CÓDIGO EXP	PROGRAMA	ÁREA TEMÁTICA/ACTUACIÓN
CON/12/2015		DEPORTES
Expediente:	Proxecto Básico e de Execución de Reforma do Campo de Fútbol de Conxo.	
Asunto:	Procedemento de licitación das obras (CON/12/2015)_Informe técnico sobre as ofertas presentadas	

A petición da mesa de contratación realízase o presente informe de valoración sobre o asunto arriba indicado, considerándose ás ofertas presentadas polas seguintes empresas:

1. CONTRUCCIONES OÑIAL, S.L.
2. ATLÁNTICA DE CONTRUCCIÓN E MEDIO AMBIENTE, SL
3. F. GOMEZ Y CIA, SL
4. AUGASMESTAS INVERSIONES DO RURAL, S.L.
5. OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.
6. CYS HISPANIA
7. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
8. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
9. ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A.
10. CALFENSA PROYECTOS, S.L.
11. LIMONTA SPORT IBÉRICA, S.L.
12. OPSA-OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A.
13. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U.
14. COPCISA, S.A.
15. EXCAVACIONES MIDON
16. MECANO SPORT, S.L.
17. GALITEC DESAROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.

Non se consideran a efectos deste informe as seguintes empresas polos motivos que a continuación se detallan:

- **Limonta Sport Ibérica, S.L.**, segundo informa o secretario da mesa de contratación a documentación foi presentada fora de prazo.
- **Excavaciones Midón**, por non cumprir co recollido no punto 13.3 do prego, o cal establece que "as empresas licitadoras quedan obrigadas a presentar unha mostra da subbase elástica e do céspede artificial a instalar no campo de fútbol de Conxo", requisito que non se cumpre polo interesado.

Para avaliar as propostas das empresas anteriormente citadas tense en conta o establecido no punto 10.2 do prego de cláusulas administrativas onde se recollen os criterios de adxudicación, que inclúen a OFERTA ECONÓMICA cunha puntuación máxima de 40 puntos e, as MELLORAS cunha puntuación máxima pode acadar os 20 puntos.

A maiores deberá considerarse o establecido no punto 13.3 do prego que establece que as empresas licitadoras quedan obrigadas a presentar xunto coa oferta económica unha mostra da subbase elástica e do céspede artificial a instalar no campo de fútbol de Conxo, xunto coa documentación e certificados que a continuación se detallan:

1. Ficha técnica detallada do céspede a instalar no que deberá figurar, entre outras información, o orixe do produto, fabricante do céspede artificial, identificación completa da superficie xunto coas capas de soporte e recheo de caucho, garantías, etc..
2. Certificado que o produto e sistema a instalar cumpre coa norma UNE-EN 15330-1 Superficies para deportes. Especificacións para herba artificial principalmente deseñada para o seu uso exterior.

Para o presente momento procedimental, realízase o seguinte informe por encargo da mesa de contratación do Concello de Santiago correspondente á licitación das obras de referencia, co obxecto de

INFORME TÉCNICO SOBRE OFERTAS PRESENTADAS

determinar a existencia ou non de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, segundo os criterios establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe a licitación.

Ditos criterios son os seguintes:

"Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Cando o órgano de Contratación presuma fundamentamente que a proposición non se poida cumprir como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación correspondente. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que se atopan nos seguintes supostos:

- 1.- Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
- 2.- Cando concorran dous licitadores: a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais a outra oferta.
- 3.- Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
- 4.- Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais a media aritmética das ofertas presentadas, non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, calcularase unha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía."

Á vista dos mesmos e das actas das reunións da mesa, achégase a continuación unha táboa cos datos resultantes da aplicación do procedemento de cálculo antedito:

LICITADOR	PRECIO (sen IVA)	TEMERIDADE PRIMERA MEDIA	SEGUNDA MEDIA		TEMERIDADE Art. 95.4 RLCAP
			NECESARIEDADE	LISTADO SEGUNDA MEDIA	
MECANO SPORT, S.L.	254.473,56 €			254.473,56 €	
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	246.000,00 €			246.000,00 €	
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	222.171,49 €	Temeridade		222.171,49 €	Temeridade
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	256.596,70 €			256.596,70 €	
CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.	288.140,50 €			288.140,50 €	
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	271.421,49 €			271.421,49 €	
CYS HISPANIA, S.L.	232.910,57 €	Temeridade		232.910,57 €	Temeridade
COPCISA, S.A.	281.680,09 €			281.680,09 €	
UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	254.443,23 €			254.443,23 €	
CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	275.613,97 €			275.613,97 €	
ATLÁNTICA DE CONSTRUCCIÓN Y MEDIO AMBIENTE, S.L.	266.605,79 €			266.605,79 €	
AUGASMESTAS INVERSIÓNS DO RURAL, S.L.	255.413,80 €			255.413,80 €	
ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S. A.	293.102,62 €		Necesaria		
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	276.008,26 €			276.008,26 €	
OPSA-OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A.	291.992,48 €		Necesaria		

Primeira media aritmética ofertas	264.438,30 €	Segunda media aritmética	260.113,80 €
Primeiro umbral inferior (temeridade)	237.994,47 €	Segundo umbral inferior	234.102,42 €
Umbral superior para segunda media	290.882,13 €		

Polo tanto, teñen a consideración de anormais ou desproporcionadas por resultar inferiores ao umbral inferior (temeridade) as ofertas presentadas polas seguintes empresas:

EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
CYS HISPANIA, S.L.

INFORME TÉCNICO SOBRE OFERTAS PRESENTADAS

Canto á xustificación das ofertas, no Prego establécense os seguintes criterios para a apreciación ou non do carácter desproporcionado ou anormal:

"Seran criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

- 1º - *Axeitada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos dos materiais a pé de obra.*
- 2º - *Volume de obra xa contratado, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.*
- 3º - *Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada."*

Pola súa banda, o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece a este respecto, no seu artigo 152, punto 3:

"Cuando se identifique una proposición que pueda ser considerada desproporcionada o anormal, deberá darse audiencia al licitador que la haya presentado para que justifique la valoración de la oferta y precise las condiciones de la misma, en particular en lo que se refiere al ahorro que permita el procedimiento de ejecución del contrato, las soluciones técnicas adoptadas y las condiciones excepcionalmente favorables de que disponga para ejecutar la prestación, la originalidad de las prestaciones propuestas, el respeto de las disposiciones relativas a la protección del empleo y las condiciones de trabajo vigentes en el lugar en que se vaya a realizar la prestación, o la posible obtención de una ayuda de Estado."

Pois ben, revisado o proxecto e realizada consulta sobre a cuestión aos técnicos redactores do mesmo, o técnico que subscribe entende que as xustificacións a presentar polos licitadores deberían cumprir os seguintes requisitos:

1. Documentación relativa á xustificación de prezos:

a) A documentación mínima a incluír debería ser a seguinte:

- *Plan de obra*, con indicación de actividades e equipos, detallando claramente man de obra (tipo e cualificación profesional de cada traballador coas horas empregadas), maquinaria (tipo de máquina coas horas empregadas) e materiais empregados (con medición). Aportarase cadro resumo final cos totais de horas/traballador, horas/máquina e medición de materiais empregados.
- *Orzamento* con medicións e xustificación de prezos descompostos.
- *Xustificación de custos de man de obra:*
 - o *Persoal propio:* Documentación xustificativa do custo para a empresa de cada traballador.
 - o *Persoal subcontratado:* Documentación xustificativa do custo de cada traballador e documentación vinculante que xustifique que a empresa poderá dispor de dito traballador o período necesario a prezo determinado.
- *Xustificación de custos de maquinaria:*
 - o *Maquinaria propia:* Documentación xustificativa da propiedade da maquinaria.
 - o *Maquinaria subcontratada:* Documentación xustificativa do custo de cada máquina e documentación vinculante que xustifique que a empresa poderá dispor de dita máquina o período necesario a prezo determinado.
- *Xustificación de custos de materiais:*
 - o *Material propio:* Documentación xustificativa da dispoñibilidade e idoneidade do material.
 - o *Material a comprar:* Documentación xustificativa do custo de cada material e documentación vinculante que xustifique que a empresa poderá dispor de dito material no prazo necesario e a prezo determinado.
- *Xustificación de custos indirectos:*

INFORME TÉCNICO SOBRE OFERTAS PRESENTADAS

- o O porcentaxe de custos indirectos aplicable na descomposición de partidas xustificarse como a suma dos conceptos $k1 + k2$, sendo $k1$ o porcentaxe correspondente a imprevistos (que nunca poderá considerarse inferior ao 1%) e $k2$ o porcentaxe resultante da relación entre custos indirectos e directos = $Ci/Cd \times 100$.
 - *Xustificación de Gastos Xerais:*
 - o O porcentaxe de gastos xerais a aplicar sobre a suma do orzamento de execución material deberá xustificarse adecuadamente poñendo en relación ditos gastos co volume de facturación previsto para o ano en curso, aportando ademais documentación acreditativa dos gastos e facturación da empresa tanto do ano anterior como do ano en curso.
 - *Relación de subcontratos:*
 - o Aportarase relación completa de partidas que se prevé subcontratar.
- b) A xustificación de prezos do licitador non poderá modificar as partidas nin a descomposición das mesmas prevista en proxecto, debendo manter as tipoloxías e rendementos de man de obra, maquinaria e materiais, por considerar que xa se encontran perfectamente axustados á realidade das obras proxectadas.
- No caso dos prezos de man de obra, maquinaria e materiais, poderá proporse a súa modificación, sempre e cando estea adecuadamente xustificada mediante a documentación indicada no punto a) e sen que en ningún caso, os prezos de man de obra sexan inferiores aos estipulados no vixente convenio colectivo da construción.
- Por último e polo que respecta á documentación vinculante xustificativa de que a empresa poderá dispor da man de obra, maquinaria e materiais no prazo/período necesario e a prezo determinado, deberá solicitarse informe xurídico sobre cal debe ser exactamente esta documentación a efectos de garantir a veracidade e capacidade de cumprimento real da mesma.
- c) Se ben no caso dos custos indirectos non se establece prohibición para a modificación do porcentaxe previsto en proxecto, sí será obrigatoria a xustificación nos termos indicados no punto a) e non se considerarán en ningún caso viables porcentaxes de custos indirectos por debaixo do 3%. De non xustificarse segundo o procedemento indicado, considerarase o porcentaxe de custos indirectos previstos no proxecto.
- d) Na xustificación dos gastos xerais, de non presentar a xustificación e documentación acreditativa nos termos indicados no punto a), considerarase o porcentaxe de gastos xerais previstos no proxecto (13%). Deberá solicitarse en todo caso informe xurídico sobre cal debe ser a documentación acreditativa dos gastos e facturación a efectos de garantir a veracidade da mesma.
- e) Do mesmo xeito e polas mesmas razóns indicadas no punto b), non se considerará viable a redución do prazo de execución (de feito non foi incluído como criterio de valoración no propio prego da licitación).
- f) Deberá solicitarse tamén informe xurídico sobre se poden aceptarse xustificacións nas que o licitador renuncie ao beneficio industrial.

2. Documentación relativa á xustificación de volume de obra:

- a) Deberán acreditarse as obras actualmente contratadas, indicando tipo de obra, importe, promotor, prazo e lugar de execución, co detalle dos medios persoais e materiais que debe dedicar ás mesmas e posta en relación coas obras obxecto da licitación.
- b) Debería acreditarse igualmente que non ten mais obras contratadas.
- c) Co respecto as acreditacións anteditas, deberá solicitarse informe xurídico sobre qué tipo de documentación debe ser exactamente a efectos de garantir a veracidade das mesmas.

3. Documentación relativa á xustificación da solvencia:

INFORME TÉCNICO SOBRE OFERTAS PRESENTADAS

- a) Documentación xustificativa da especialización e da experiencia dos medios cos que contará para a execución das obras.

Por todo o exposto, proponse á mesa de contratación, sempre e cando resulte legalmente posible e unha vez resoltas as cuestións xurídicas planteadas, aprobar os requisitos indicados e comunicalos ás empresas que deban pasar o trámite de xustificación de ofertas por terse apreciado o carácter desproporcionado ou anormal das mesmas.

Santiago de Compostela, a 8 de maio de 2015

O Arquitecto Municipal

Asdo.: Henrique Seoane Prado



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0HD	<i>Expediente</i> CON/12/2015	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Proxecto básico e de execución de reforma do Campo de fútbol de Conxo - Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 303.305,79 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 25 de xuño de 2015, ás 10:46 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D^a Noa María Morales Sánchez


Vocais: D^a. Branca Novo Rey, representante do grupo C.A.
D^a. María José Corraí, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG
D^a Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Súspendese a mesa de contratación debido a inasistencia do xefe de servizo de programación e proxectos, que debe presentar o informe que redactou analizando a documentación requerida ós licitadores en situación de baixa desproporcionada ou temeraria.

Ás 10:50 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O/A SECRETARIO/A DA MESA



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CONZI0HD	Expediente CON/12/2015	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Proxecto básico e de execución de reforma do Campo de fútbol de Conxo - Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 303.305,79 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 1 de xullo de 2015, ás 11:25 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D^a Noa María Morales Sánchez

Vocais:

- D. Xan Duro, representante do grupo C.A.
- D^a. María José Corral, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG
- D. Enrique Seoane, xefe servizo programación e proxectos
- D^a Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.


Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa proceden ao estudo do informe emitido polo xefe do servizo de programación e proxectos no que se analiza a documentación aportada en trámite de audiencia polas empresas que foron calificadas en situación de baixa desproporcionada ou temeraria, acordando, de conformidade con él, excluir da licitación ás empresas CYS HISPANIA e EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA por non xustificar debidamente as súas ofertas.

En consecuencia solicítase a redacción do informe definitivo que incorpore a puntuación total das distintas empresas admitidas e do que resultará a correspondente proposta de adxudicación.


Ás 11:35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**



O/A SECRETARIO/A DA MESA





**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Servizo de Programación e Proxección
Servizo de Proxectos e Obras

Expediente: Proxecto Básico e de Execución de Reforma do Campo de Fútbol de Conxo

Asunto: Procedemento de licitación das obras (CON/12/2015)_Informe técnico sobre as xustificacións presentadas polas empresas con ofertas que foron consideradas anormais ou desproporcionadas

Redáctase o presente informe para dar contestación ao oficio emitido con data de 25 de maio de 2015 desde Contratación, co obxecto de avaliar a documentación presentada polas empresas para a xustificación das ofertas que tiveron a consideración de desproporcionadas ou anormais por aplicación dos criterios do prego de condicións da licitación.

No informe técnico anterior, se enumeraban unha serie de requisitos sobre documentación e contido mínimo que, dende un punto de vista técnico, deberían esixirse no trámite de xustificación. Como conclusión, propúñase a aprobación de ditos requisitos pola mesa de contratación e a comunicación dos mesmos ás empresas que tiveran que pasar o trámite de xustificación das súas ofertas, previo comprobación da legalidade da proposta e resolución das cuestións xurídicas expostas no informe.

Trala remisión do informe sobre xustificación de ofertas ao Servizo de Contratación, este último efectuou o requirimento de documentación ás empresas en cuestión achegando o antedito informe.

Revisada a documentación achegada xunto ao oficio (xustificacións das empresas CYS HISPANIA S. L. e EULOGIO VIÑAL, S. A.), preséntase a continuación un resumo coas conclusións froito do análise efectuado (documento de análise pormenorizado adxunto ao final do presente informe):

CYS HISPANIA, S. L.

A empresa renuncia a presentar a xustificación nas condicións en que a Mesa de Contratación Ila solicita.

EULOGIO VIÑAL, S. A.

A documentación presentada inclúe un orzamento propio que modifica o prezo dalgunhas unidades de obra para así obter como resultado final a cantidade total ofertada. Para xustificalo non varía o custo da obra, pero si o da maquinaria (exclusivamente o custo por hora da motoniveladora, que xustifica aportando documentación de gastos da empresa), e tamén os dos materiais, para os que presenta unha relación completa na que se introducen prezos diferentes aos do proxecto en abundantes materiais sen que apareza xustificación documental dos mesmos, a excepción de fotocopias de empresas subministradoras que se comentan a continuación:

- Prezo do subministro do formigón HA25 con oferta da empresa subministradora caducada en xaneiro de 2014.
- Prezo de execución de obras de fontanería, sen asinar pola empresa ofertante.
- Prezo do subministro de zavorra 0-40 mm., ofertado por empresa subministradora e ca oferta caducada desde o 18 de maio.
- Prezo de subministro e colocación do céspede, sen asinar pola empresa ofertante.

Mantéñense os custos indirectos e os Gastos Xerais do proxecto.

A relación de subcontratos carece da documentación que se enumera no epígrafe.

Aporta unha relación das obras actualmente contratadas pola empresa, unha xustificación da solvencia económica da empresa, e unha relación de persoal e maquinaria cos que conta a empresa, documentación irrelevante para o informe do que subscribe.

Así, á vista da documentación presentada, e das carencias dalgunhas delas xa comentadas, o técnico que subscribe non pode realizar una avaliación técnica convenientemente fundamentada, e, por tanto, estimo que non pode garantir que poida cumprirse a proposición, polo que se propón o mantemento da consideración da oferta como anormal ou desproporcionada.

Santiago de Compostela, a 12 de xuño de 2015

Asdo.: Henrique Seoane Prado

Arquitecto. Xefe do Servizo



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0HD	<i>Expediente</i> CON/12/2015	



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Proxecto básico e de execución de reforma do Campo de fútbol de Conxo - Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 303.305,79 euros máis IVE.

PROCEDIMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte. Salvador Allende, 6-8, 8 de xullo de 2015, ás 09:55 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dª Noa María Morales Sánchez.

Vocais:

- D. Rafa Peña, representante do grupo C.A.
- D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
- D. Juan Garabato Rodríguez, técnico de deportes.
- D. Enrique Seoane, xefe servizo programación y proxectos.
- Dª Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adjudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.**

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas:


. EXCAVACIONES MIDON, por non presentar a mostra do céspede requerida polo prego de aplicación con carácter inexcusable.

. CYS HISPANIA e EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA por non xustificar debidamente, de acordo co informado polo xefe de servizo de programación e proxección, o carácter desproporcionado ou temerario da súa oferta de redución do prezo do contrato.

SEGUNDO: Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **246.000,00** euros IVE aparte, ofertando, así mesmo, como melloras a construción dunha zona de quecemento/adestramento e o subministro e instalación de dúas unidades de banquetes para suplentes, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0HD	<i>Expediente</i> CON/12/2015	



ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Proxecto básico e de execución de reforma do Campo de fútbol de Conxo - Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 303.305,79 euros máis IVE.

PROCEDIMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, R/Pte. Salvador Allende, 6-8, 27 de xullo 2015, ás 9:10 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dª Noa María Morales Sánchez.


Vocais: D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
D. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
Dª Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**



O/A SECRETARIO/A DA MESA

